

# **Memoria CPInclúe 2022-2023**

**Contrato programa CONVIVE-T**

**Contrato programa EMOCIONA-T**

**Contrato programa IGUALA-T**

**Contrato programa INCLÚE-T**

# **Contrato programa Convive-T**

## **OBRADOIRO DE FORMACIÓN DO ALUMNADO AXUDANTE DE CONVIVENCIA**

**(Impartido por Alicce. Formación para a mellora das relacións humanas.  
<http://www.alicce.es>)**

### **ÍNDICE**

#### **1. INTRODUCCIÓN**

#### **2. O PROGRAMA**

- a. Obxectivos**
- b. Contidos**
- c. Metodoloxía**
- d. Temporalización**

#### **3. AVALIACIÓN**

- a. Avaliación de Proceso**
- b. Avaliación de Resultados**

#### **4. CONCLUSIÓN**

## INTRODUCCIÓN

Actualmente nos centros educativos existe una realidade diaria na que están presentes numerosos problemas e conflitos. Nas aulas cada vez existe unha maior diversidade de alumnado polas súas características culturais, étnicas e académicas, e en consecuencia, tamén nos conflitos que se xeran na interacción entre alumnos/as.

Diversos estudos realizados (Informe do Defensor do pobo, Díaz-Aguado, Torrego, Cowie...) demostran que utilizando estratexias de axuda entre iguais se consegue mellorar o clima do Centro, o desenvolvemento persoal e social dos/as axudantes e os axudados/as, así como o aumento do seu benestar e autoestima, favorecendo a maior dispoñibilidade para a aprendizaxe.

Tendo en conta todos estes beneficios, podemos afirmar que a formación do alumnado axudante de convivencia é un bo medio para dar resposta ás necesidades que existen na práctica diaria dos centros: mellorar a atención á diversidade nas aulas, a xestión dos conflitos, a mellora do clima de convivencia nas aulas e no Centro, a educación en valores, a presentación de modelos de condutas positivos... Esta formación permitiranos, ademais, o aproveitamento dun gran recurso: o propio alumnado.

Ninguén coñece mellor a situación dun alumnx que os compañeirxs que comparten con el/ela a vida diaria, espazos e intereses. Son os primeirxs en detectar e percibir se un alumnx está pasando por unha situación difícil (rexeitamento, illamento, indefensión, problemas de integración, conflitos interpersoais ...).

O Obradoiro de Alumnado Axudante de Convivencia trata de dotar xs participantes das habilidades e características precisas para a mellora da convivencia nas aulas e no centro, tratando de desenvolver no alumnado a capacidade de axuda e de ser axudado como unha dimensión fundamental da convivencia. Contribuirá ao desenvolvemento de estas competencias e a mellora da participación real e integración do alumnado no Centro.

## O PROGRAMA

### 1. Obxectivo Xeral:

- Mellorar a convivencia no Centro Educativo diminuíndo a conflictividade.

### 2. Obxectivos Específicos:

- Dotar ao alumnado participante de estratexias para a resolución pacífica de conflitos.
- Favorecer a participación directa do alumnado na resolución de conflitos no centro educativo.
- Detectar e previr o acoso escolar.
- Fomentar a colaboración, o coñecemento e a busca de solucións a problemas interpersoais no ámbito escolar.
- Incrementar os valores de escoita activa, cooperación e empatía para fomentar a mellora do clima na comunidade educativa.

### 3. Contidos

- a. O alumnado Axudante de convivencia.
  - i. Características e habilidades.
  - ii. Funcións.
- b. O comportamento asertivo.
- c. A comunicación:
  - i. Técnicas de escoita activa.
  - ii. Empatía.
- d. O Conflito.
  - i. Estilos de afrontamento ao conflito
  - ii. Técnicas de resolución de conflitos.
- e. A axuda.
  - i. Fases da axuda
- f. Análise de casos e Simulacións prácticas.

### 4. Metodoloxía

As sesións desenvolvéronse de forma práctica. Durante as clases leváronse a cabo diferentes dinámicas e actividades que fomentaron a comunicación e que axudaron a que xs participantes conseguisen, non só uns coñecementos teóricos, senón que puxeran en xogo unha serie de recursos prácticos para poder axudar e desenvolver actitudes interpersoais positivas.

### 5. Temporalización

O programa constou de dúas intervencións diferentes: unha sesión de sensibilización nos grupos de 1º da ESO e 6 sesións de 2 horas cada unha do obradoiro de formación específica de Alumando Axudante de Convivencia.

A temporalización foi a seguinte:

- Sesións de Sensibilización: 25 de novembro de 2022.
- Obradoiro de formación en Alumando Axudante de Convivencia: 17, 24 e 31 de xaneiro, 14 e 28 de febreiro e 14 de marzo de 2023.

## AVALIACIÓN

Para avaliar o obradoiro, realizouse unha avaliación cualitativa, na que a formadora tivo en conta o sucedido en cada sesión, o desenvolvemento dos contidos e a participación dxs asistentes. Levouse a cabo unha recollida sistemática das intervencións co fin de valorar o proceso de aplicación e observar como o programa foise adaptando ás necesidades específicas do alumnado: participación, actitudes, motivación...

Ademais a formadora pasou ás participantes un cuestionario de satisfacción unha vez rematado o obradoiro.

Ás dúas avaliacións están reflectidas a continuación:

### a. Avaliación de Proceso

#### SESIÓN DE SENSIBILIZACIÓN EN ALUMNADO AXUDANTE DE CONVIVENCIA

Esta sesión levouse a cabo na mañá do 25 de novembro de 2022 nos grupos de 1º da ESO. As sesións constaron de 50 minutos de duración cada unha con cada un dos grupos. Nas mesmas traballáronse os seguintes contidos:

- Calidades para axuda do alumnado .
- A axuda entre iguais.
- Votación das persoas do grupo que inspiran máis confianza.

En todas as aulas deu tempo a completar os contidos previstos, aínda que é necesario comentar que houbo diferenzas na participación e comportamento en función das características de cada un dos grupos, as cales vanse detallar a continuación:

### 1ºA

A esta sesión faltaron 4 persoas. Está presente como observadora a titora do grupo.

Grupo tranquilo e con moi bo comportamento dende o primeiro momento. Cabe destacar que a sesión lévase a cabo á primeira hora da mañá. Mostran motivación e gañas de axudar dende o principio. Participan de forma moi axeitada, respectando as quendas de palabra e escoitándose entre si.

A maioría do alumnado comenta características da personalidade moi oportunas para a función de axuda (saber escoitar, empatía...).

Preséntanse voluntarias 11 persoas do grupo.

### 1ºB

A esta sesión faltan 2 persoas. Está presente durante a sesión a titora e no inicio, o Vicedirector e a Orientadora para facer a presentación.

Neste caso, como o día da sesión conmemorábase o 25N, e había convocado un minuto de silencio para todo o alumnado, a sesión durou 20 min menos, polo que se optou por obviar a presentación do alumnado e pasar directamente aos contidos.

O grupo mostrou interese dende o primeiro momento no que se lles estaba a contar, prestando atención e centrándose nas tarefas que se lles encomendaban.

Ofrecéronse voluntarias 6 persoas.

A esta sesión de sensibilización falta unha rapaza da aula. Está presente como observadora unha profesora do centro, á que lle tocaba a docencia nesa hora lectiva.

Grupo falador. De feito, custou uns minutiños que prestasen atención á formadora. Unha vez comezada a sesión o comportamento mellorou, pero había moitos comentarios entre elxs nas primeiras presentacións do alumnado, polo que se lles pediu máximo respecto e que simplemente escoitasen aos seus compañeirxs. Aceptaron moi ben a petición e a respectaron ata o final.

Neste grupo, nun primeiro momento non se ofrecía voluntaria ningunha persoa para a formación. Despois dun tempo, un dos rapaces anotouse, e uns minutos despois, 3 rapazas e un rapaz máis presentáronse voluntarixs. Así, finalmente contamos con 5 persoas do grupo.

## OBRADOIRO DE FORMACIÓN

### 1ª Sesión

A esta sesión asistiron as 10 persoas voluntarias para formarse como Alumnado Axudante. Está presente, en calidade de observadora, Imma a Coordinadora de Convivencia do centro.

Comezamos a sesión con un pequeno xogo de distensión e coñecemento. Todo o grupo se implica moito na actividade e pásao moi ben. Antes de comezar co traballo dos contidos, participan nunha pequena presentación, na que destacan, ademais do seu nome unha característica positiva da súa personalidade, como pode ser: amabilidade, simpatía, saber escoitar...

Para comezar a introducirse no tema do Alumnado Axudante de Convivencia, preguntóuselles por cales crían que poderían ser as calidades que debían ter as persoas que axuden aos demais, aportando as seguintes entre todxs: amabilidade, confianza, paciencia, tranquilidade, non ser agresivx, ser unha persoa equilibrada, respectuosa, resolutiva, cariñosa, graciosa, empática, simpática, neutral, comprensiva, saber escoitar, saber entender e ter un bo comportamento no centro.

A continuación, o grupo reflexionou sobre as funcións que van desenvolver no seu rol de Axudantes, clasificando unha serie de afirmacións en verdadeiras ou falsas. En xeral tiveron bastante claro o que si e o que non. As únicas dúbidas que xurdiron foron: se deben meterse no medio para separar nunha pelexa, se van vivir que se cumpran as normas do centro e chamar a atención a quen non as cumpre, ou se deben poñerse de parte de algunha persoa á hora de resolver un conflito. Todas foron descartadas unha vez reflexionado sobre as implicacións de poñer estas accións en marcha.

Xa na última parte da sesión, o grupo valorou cales poderían ser as vantaxes de desempeñar a axuda no centro, e destacaron as seguintes: saltarte algunhas clases, coñecer a máis persoas, ter máis confianza en ti mesm, xerar bo ambiente na aula e no centro e ademais, sérveche para o futuro.

### 2ª Sesión

A esta sesión falta un rapaz e incorpórase á formación unha rapaza. Están presentes como observadoras durante a sesión, Imma e Irene, dúas da titoras de 1º de ESO.

Comezamos a sesión facendo un pequeno recordatorio do traballado e aprendido durante a clase anterior. Lembran moi ben o xogo de presentación e o seu obxectivo, as funcións do alumnado axudante, así como as características do bo alumnx axudante. Tamén destacan as vantaxes de desenvolver ese rol.

Antes de comezar cos contidos propiamente ditos, levan a cabo un xogo de coñecemento, no que se implican moito e pásano moi ben. No mesmo compróbase como se coñecen bastante entre algunhas das persoas do grupo, e entre outras absolutamente nada.

A continuación pasouse a explicar os distintos tipos de comportamento e a asertividade como base das boas relacións sociais. Entre todas as persoas do grupo foron quen de identificar, sen problema e con relativa rapidez, todas as características máis importantes de cada un dos

comportamentos (agresivo, pasivo e asertivo). Xa na segunda parte da dinámica, traballaron en pequenos grupos en 4 situacións habituais nun centro educativo, tratando de definir como sería cada un dos comportamentos traballados. Os grupos funcionaron moi ben e definiron correctamente cada un dos comportamentos. Para rematar a actividade, debían representar o comportamento asertivo en cada unha das situacións, e o fixeron realmente ben en todos e cada un dos grupos.

Para reforzar a comunicación asertiva e ver implicación que pode ter a nosa forma de comunicarnos, participaron nun novo xogo e comprobaron como afecta ás persoas que lles falemos de forma agresiva e asertiva. Déronse conta da importancia do respecto na comunicación e como afecta a nivel emocional nas demais persoas.

Como tarefa para casa, pídeselles que intenten comportarse de forma asertiva a maior parte do tempo, e que se dean conta das situacións nas que non son capaces e intenten identificar cales son os motivos.

### 3ª Sesión

A esta sesión faltaron 3 das rapaces/zas e incorpórase unha nena nova á formación. Está presente como observadora, Imma durante toda a sesión.

Comezamos, como é habitual con un pequeno repaso do traballado e aprendido durante a clase anterior e lembraban moi ben os xogos e as características dos tipos de comportamento e as representacións desenvolvidas, así como o xogo da comunicación.

Para comezar co tema da comunicación e escoita activa, ao que se vai dedicar a presente sesión, púxose en marcha un xogo por parellas, nas que a maioría utilizou gran variedade de estratexias para conseguir o obxectivo (sobre todo a forza). Sen embargo, chamou a atención que ningunha fixera uso da comunicación. Reflexionaron axeitadamente sobre o acontecido e comprenderon que o uso da palabra é sempre a mellor opción.

A partir de ese momento, dedicouse o resto da clase á comunicación verbal, non verbal e as técnicas da escoita activa. Explicáronse todas salvo Reflectir, e puxéronse en marcha cada unha delas mediante xogos e dinámicas. O grupo foi moi participativo, implicouse moito e pasouno moi ben. Resultou unha sesión moi produtiva.

Ao final da sesión, propúxoselles levar a cabo un pequeno xogo de traballo en equipo. Ao principio, cando se lles propón a tarefa que non coñecen, pensan que lles vai levar moito máis tempo do que realmente lles leva facelo finalmente. Así, conseguiron facer o exercicio en 2'40'' cando elxs estimaran o tempo entre 5 e 30min. Sorprendéronse moito co resultado, e máis despois de enfrontarse a dificultades durante o desenvolvemento da tarefa.

Na reflexión destacaron que se aprende moito dos demais, que a axuda é fundamental para resolver problemas, e que o conseguiron grazas ao traballo en equipo.

### 4ª Sesión

A esta sesión asisten 9 persoas do grupo. Están acompañadas por Imma, como é habitual en calidade de observadora.

Como xa é costume, antes de comezar, lévase a cabo un pequeno recordatorio do traballado e aprendido durante a sesión anterior, nesta ocasión facendo fincapé na comunicación e as técnicas da escoita activa. Repásanse todas as traballadas, a súa funcionalidade e correcta posta en práctica. Lembran ben cada unha delas.

Antes de continuar coa técnica de Reflectir, que é a que queda pendente de traballar, lévase a cabo unha nova dinámica para fomentar a cohesión grupal no que todo o grupo participou de forma moi activa. Comprobaron como se coñecen máis do que pensaban, porque foron quen de identificar de quen era cada unha das descrições.

A partir de ese momento, dedicouse o resto da sesión a traballar a técnica de reflectir o sentimento das persoas ás que queren axudar. Para iso, comezouse con unha treboada de sentimentos para axudar ao alumnado a ampliar o seu vocabulario emocional, no que conseguiron mencionar ata 36 sentimentos diferentes. Tamén identificaron moi ben os 6 sentimentos básicos.

Ademais, tamén participaron de forma moi activa nos xogos para identificar os sentimentos a través da cara, da voz e de toda a comunicación non verbal, para rematar a sesión poñendo en práctica a técnica de reflectir o sentimento.

Parárono moi ben e puideron comprobar como non resulta doado identificar os sentimentos dos demais.

## 5ª Sesión

A esta sesión asisten 8 persoas. Incorpórase unha nena nova e outra ten que marchar despois da primeira hora de formación. Nesta ocasión non pode estar presente Imma, polo que non hai ningunha persoa responsable do centro presente.

Antes de comezar cos contidos de esta sesión, repasáronse as técnicas da escita activa aprendidas nas dúas últimas sesións para poñer en marcha unha dinámica onde debían practicalas todas. O grupo implicouse moito, e foi consciente de que non resulta tan doado como parece, sobre todo, non dar consellos nin solucións.

Unha vez rematado este xogo, comezouse coa explicación do conflito, o que definiron como discusión e pelexa, ante o que se lles explicou que non é preciso que sexa realmente grave para que unha oposición de ideas sexa considerado conflito. Entendérono moi ben.

Para experimentar a vivencia e afrontamento ao conflito, participaron nun novo xogo con caramelos. Levaron a cabo o xogo con gañas e reflexionaron axeitadamente sobre as conclusións. Decatáronse de que sempre é mellor falar e chegar a un acordo para solucionar os conflitos antes de competir.

Ademais, tamén se explicaron de forma breve os estilos de afrontamento ao conflito. Para reforzar a aprendizaxe, proxectouse un pequeno vídeo no que volveron identificar os 4 estilos.

Para traballar a neutralidade e as distintas perspectivas que se poden dar nun conflito, participaron de forma moi activa nun xogo con imaxes. Este xogo gustoulles moito e espertou moito interese no alumnado. Comprenderon moi ben que ante a mesma situación pode haber varias versións e ser todas igual de certas. Fíxose moito fincapé na necesidade da empatía para colaborar na resolución positiva e pacífica de conflitos.

Xa na última parte da sesión, explicáronse as pautas a seguir para resolver conflitos, para pasar a traballar por grupos nun caso no que debían tratar de solucionar o conflito de forma colaborativa. Traballaron ben en equipo, aínda que en un dos grupos custoulles xa decidir o conflito que ían tratar de resolver. En todos os grupos conseguiron resolver o conflito buscando unha solución que fose boa para as dúas partes, sen embargo, é preciso destacar que lles custou moito en xeral pensar nas necesidades, sobre todo dunha das partes. Insistiuse moito neste aspecto, xa que as necesidades son as que se deben cubrir para que a solución sexa beneficiosa e equilibrada e poidan gañar as dúas persoas. Nas necesidades está a clave da empatía, e esta é a clave para a resolución de conflitos.

Unha vez reflexionado e solucionado o conflito sobre o papel, quedaría pendente que representasen as 4 situacións. Como non deu tempo, valorárase retomalo na seguinte sesión,

## 6ª Sesión

A esta sexta sesión asistiu todo o alumnado. Estivo Imma presente como observadora.

Comezamos a sesión facendo un pequeno repaso dos aspectos clave traballados durante a sesión anterior referidos ao conflito, sobre todo porque se acababan de incorporar ao grupo 6 dos rapaces/zas que non puideron asistir á 5ª sesión. As persoas que estiveron presentes lembraban bastante ben todos os contidos traballados e foron quen de explicarllos aos seus compañeirxs.

A continuación, propúxoselles facer un xogo de axuda por parellas. Nun principio mostráronse reticentes, pero enseguida se animaron a participar. Durante a reflexión, comentaron que, gran parte das persoas participantes preferiron desenvolver un rol de axudadx, porque lles gustaba a sensación e as persoas que lles guiaban xeraban confianza. Tamén reflexionaron sobre a importancia de respectar o ritmo da persoa á que estaban axudando, e o acompañamento en todo momento. Todas estas reflexións foron moi oportunas.



A continuación, traballaron sobre as situacións de axuda persoais, así como dos sentimentos experimentados ao axudar, ser axudadx e no caso de non atopar axuda. Como situación de axuda comentaron: nas tarefas escolares, cando non sabían facer algo, a superar perdas, entender cousas, resolver problemas entre persoas ou soportar situacións difíciles. Comentaron tamén que as situacións nas que elxs poden axudar, poden ser exactamente as mesmas, o que se reforzou. En relación aos sentimentos, comentar que identificaron os sentimentos sentidos cando son axudadx como: agradecemento, alivio, contento ou reconfortada. Tamén mencionaron tristeza ou cando non son capaces de axudarche ou non te comprenden.

Como sentimentos experimentados despois de axudar, mencionaron: alegre, útil, animada, orgullosa, responsable ou contenta.

Por último, como sentimentos cando non se atopa axuda, comentan: tristeza, enfado, ira, confusión, decepción, sufrimento, soidade, estrés, superado, desacougo, desesperación, ansiedade e depresión.

Reflexionouse sobre a actividade facendo fincapé na importancia do seu rol como alumnado axudante e a necesidade de fomentar todos os sentimentos agradables en si mesmox e nos seus compañeirx e evitar na medida do posible os desagradables que mencionaron.

A continuación, explicáronse as fases da axuda e as pautas a dar no seu rol de axudantes. A medida que se ían comentando, ían facendo preguntas sobre situacións que se poden dar. A raíz disto, algúns dos rapaces/zas animáronse a contar experiencias persoais sobre situacións nas que precisaron axuda e non a atoparon, ou incluso comentaron as emocións e pensamentos que tiveron ao estar nunha situación difícil. Mencionaron a dificultade para pedir axuda, as ideas que lles impedía facelo e o que mellorou a súa situación ao pedir axuda á persoa adecuada.

Resultou ser un final de obradoiro moi íntimo, onde parte do alumnado comezaba a abrirse e comentar experiencia persoais pasadas e o importante de pedir axuda ás persoas axeitadas para poder saír adiante. Reforzouse moito a idea da necesidade de pedir axuda, que non é nada malo, todo o contrario, é unha actitude de valentes, porque iso quere dicir que tes o valor suficiente como para facer o necesario para saír de esa situación desagradable.

Estiveron bastante nerviosxs e faladores durante toda a sesión, sobre todo unha das rapazas á que lle custa moito prestar atención. Nesta última parte, mostraron interese e se mantiveron en silencio, o que lles fará reflexionar sobre a importancia do seu rol.

Como última actividade, pedíuselles que cubrisen o cuestionario de avaliación, o cal fixeron con motivación e interese.

Antes de marchar, fíxose entrega dos diplomas acreditativos de Alumnado Axudante, o que lles gustou moito. Agora so queda poñer en marcha todo o aprendido axudando ao alumnado que o precise.


## b. Avaliación de Resultados

A continuación reflectirase a avaliación no Cuestionario de Avaliación cumprimentado polas persoas asistentes na última sesión do obradoiro. O grupo estivo composto por 13 alumnxs de 1º de ESO.


O cuestionario foi cumprimentado polas 13 persoas asistentes á última sesión do obradoiro e por Imma, a profesora presente en todas as sesións. Os resultados do profesorado expoñeranse a continuación dos do alumnado.

Os resultados do cuestionario do alumnado son os seguintes:


1) A formación de alumnado axudante gustoume:




2) Síntome capaz de escoitar activamente:




3) Síntome capaz de detectar cando un compañeiro/a precisa axuda:




4) Creo que estou preparada para axudar aos/ás compañeiros/as:




5) A relación coas compañeiras foi:




6) A relación coa formadora foi:




7) Creo que se resolveron as miñas dúbidas:




8) Creo que podo ser un bx alumnado axudante:




9) Sei que pasos dar para resolver un conflito:



10) Síntome implicada e comprometida coa tarefa de axuda:



11) Agora entendo mellor os sentimentos dos demais:



12) Que cousas che gustaron máis?

- Coñecer xente.
- Pasar tempo cos compañeiros (con algúns máis) e formarme.
- Que foi moi divertido e aprendes moito.
- Que xogamos.
- Os xogos (2 respostas).
- Os xogos que faciamos para aprender cousas (2 respostas).
- Os xogos que fixemos entre todos.
- Os xogos e actividades que fixemos.
- O xogo dos aros.
- A resolución de problemas.
- A formadora e os compañeiros/as.

13) Que cousas non che gustaron tanto?

- Nada (3 respostas).
- Ningunha.
- A teoría >:c
- Que ás veces son moitas cousas que aprender e pérdome un pouco.
- Non poder dar recomendacións.
- Cando estabamos moito tempo falando.
- Que algúns compañeiros estiveron falando.
- Cando me botaban a bronca.
- Que se interrompera moito.
- A clase na que estabamos.
- ...

14) Como te sentiches?

- Ben, divertínme e aprendín moito.
- Ben.
- Moi ben!!
- Moi cómoda.
- Moi cómoda nas clases.
- Contenta e alegre.
- Alegre.
- Feliz.
- Útil e feliz.
- Animada e útil
- Útil.
- Avernoñado.
- Interesada pola actividade.

15) Suxestións para mellorar o obradoiro.

- Nada (2 respostas).
- Ningunha.
- Non sei, porque todo estaba ben.
- Máis confianza entre os compañeiros e máis xogos.
- Máis xogos.
- Facer máis actividades.
- Debuxos para aprender máis.
- Que os compañeiros non falen tanto.
- Que os alumnos se comporten mellor.
- Debería haber máis clases.
- Máis días : >
- Non sei.

## PROFESORADO

1) Que nota lle darías ao obradoiro?

SOBRESAÍNTE: Penso que foi unha maneira moi acertada de facer grupo, de crear confianza, e ao mesmo tempo buscou a implicación e formación do alumnado.

2) E á formadora?

SOBRESAÍNTE: de maneira sinxela e práctica logrou achegarse ao alumnado e crear un clima de confianza e respecto. Tomaron pouco a pouco conciencia do papel que podían adoitir.

3) Cualifica a participación do alumnado no obradoiro.

NOTABLE <-> SOBRESAÍNTE: Penso que a maioría implicouse con gañas no obradoiro. En algúns casos faltou implicación por condicionamentos persoais.

4) O material/actividades, xogos... empregados pareceronche interesantes?

MOITO: Fixeron que todo se desenvolviera nun clima de confianza. Foi unha formación activa e empática na que o alumnado participou sen ser conscientes do proceso de aprendizaxe porque este foi desenvolvéndose progresivamente coa dinámica deseñada en cada sesión. Penso que foron actividades moi ben deseñadas.

5) Que foi o que máis che gustou do obradoiro? Por que?

o AS dinámicas de grupo e as actividades para desenvolver a confianza no alumnado.

6) Que foi o que menos e por que?

o Gustoume todo.

7) O que máis lle pode servir ao alumnado do que traballamos foi...

o Para poder decatarse do que sucede no seu entorno. Poder desenvolver unha actitude empática e colaborativa.

8) O que menos interesante che pareceu foi...

o Todo me gustou.

9) O obradoiro cumpriu coas expectativas? Por que?

SI: Porque pensei que sería máis sinxelo e cada día mellorou.

10) Suxestións para mellorar o obradoiro

o Continuar en máis cursos (podería ser a inicios de curso e a mediados).

## CONCLUSIÓNS

- Grupo interesado e motivado. En todo momento se mostraron moi participativxs e con ganas de aprender.
- Respirouse moi bo ambiente e aceptación dentro do grupo dende o primeiro momento.
- Mostran moita implicación e motivación por axudar aos demais.
- Son un grupo bastante inmaturo, e inquieto en xeral, pero no que están tamén persoas moi maduras e implicadas na tarefa da axuda.
- Co tempo, a práctica e a madurez acabarán sendo, sen ningunha dúbida, un gran equipo de Axudantes. No mesmo hai persoas moi válidas e con moitas ganas de axudar, e iso é o máis importante.

Non queremos rematar esta avaliación sen agradecer a María (Orientadora) a súa implicación e apoio en todo momento, así como a Imma a súa participación e motivación nas sesións do obradoiro. Esta implicación é percibida polos rapaces/zas e incide de maneira clara na implicación dos mesmxx no obradoiro.

## **CONTRATO PROGRAMA EMOCIONA-T**

### **OBRADOIRO DE FORMACIÓN EN COMPETENCIAS SOCIOEMOCIONAIS PARA ALUMNADO DE 2º de ESO**

**(Impartido por Alicce. Formación para a mellora das relacións humanas.  
<http://www.alicce.es>)**

#### **1. INTRODUCCIÓN**

#### **2. O PROGRAMA**

- a. Obxectivos**
- b. Contidos**
- c. Metodoloxía**
- d. Destinatarios**
- e. Temporalización**

#### **3. AVALIACIÓN**

- i. De Proceso**
- ii. De Resultados**



## INTRODUCCIÓN

A Educación ten como obxectivo promover a formación integral alumnado co fin de garantir o pleno desenvolvemento da súa personalidade. Isto fai preciso que na escola se potencien, non so as capacidades cognitivas ou intelectuais, senón tamén as que fan referencia ao equilibrio persoal e afectivo, ás relacións interpersoais e á inserción social.

Neste sentido, nas últimas décadas son numerosos os estudos que teñen demostrado o gran potencial das habilidades emocionais e sociais como mecanismo fundamental de axuda na construción da propia identidade e promotor dun maior benestar individual e grupal.

Ademais, as emocións e a competencias sociais adquiren hoxe en día un papel relevante. A aparición do virus Covid-19 e a posterior pandemia sanitaria, están a por de relevo a gran importancia da intelixencia emocional como factor fundamental para o axeitado afrontamento da situación e adaptación os cambios na vida persoal e social de todo o alumnado, polo que son moitos os centros que as están a incluír nas súas programacións.

Estamos a vivir un momento de forte impacto a nivel psicolóxico e emocional. O peche dos centros educativos, a muda dos métodos habituais de aprendizaxe, a necesidade de distanciamento social, a enfermidade e/ou falecemento de seres queridos, a diminución das interaccións... conleva respostas emocionais negativas como a inseguridade, incerteza, tristeza, e mesmo medo, rabia, ansiedade, estrés e frustración... Isto fai necesario, máis que nunca, poñer en marcha medidas que promovan o benestar emocional de toda a comunidade educativa, pero en especial do alumnado. É importante traballar coa xente nova a capacidade de adaptación a esta nova realidade tras a pandemia pola Covid-19. Debemos axudarlles a superar as adversidades vividas e afrontar con flexibilidade e optimismo os posibles desafíos.

Para isto é imprescindible o uso e desenvolvemento da Intelixencia Emocional (IE), entendida como a capacidade de recoñecer as emocións propias e as dos demais (Conciencia emocional) e a capacidade de xestionar e modificar as emocións de forma apropiada ao contexto e ás relacións (Regulación emocional). Ademais de contemplar estas dúas competencias, a IE tamén abrangue a competencias como a asertividade, estratexias para a resolución de conflitos, empatizar cos demais e favorecer un clima relacional óptimo, tolerar a frustración, afrontar os medos, maior flexibilidade mental... O desenvolvemento de estas competencias son o obxectivo final de este obradoiro.

## O PROGRAMA

### a) Obxectivos:

Obxectivo xeral:

• Adquirir e desenvolver competencias socioemocionais que favorezan o benestar emocional e social do alumnado.

Obxectivos específicos:

- Favorecer o autoconhecimento.
- Fomentar o comportamento asertivo.
- Aprender dar unha negativa ou dicir non.
- Desenvolver a empatía.
- Aprender a dar e recibir críticas construtivas.
- Favorecer o recoñecemento das características positivas nas outras persoas e comunicarllo.
- Fomentar a resolución pacífica e colaborativa de conflitos.

### b) Contidos

O obradoiro baséouse na aprendizaxe e desenvolvemento das seguintes habilidades:

- O Comportamento Asertivo
- Saber Dicir NON
- Identificación de Emocións nos demais e Empatía
- Saber dar e recibir Queixas
- Saber dar e recibir Opinións Positivas
- Resolución de Conflitos

### c) Metodoloxía

O Obradoiro desenvolveuse seguindo unha metodoloxía fundamentalmente participativa, na que xs asistentes foron xs protagonistas da súa aprendizaxe.

Partiuse das apartacións, experiencias e coñecementos do alumnado para o desenvolvemento do obradoiro, adaptándose este último con flexibilidade ás necesidades e coñecementos de cada un dos grupos.

### d) Destinatarios

Alumnado de 2º da ESO.

### e) Temporalización

O Obradoiro constou de 6 sesións dunha hora lectiva de duración cada unha, con frecuencia semanal. Os días nos que se levou a cabo a formación foron os seguintes: 11, 16, 26 de xaneiro, 2, 9 e 17 de febreiro de 2023.

## AVALIACIÓN

Para avaliar o programa, a formadora pasou xs participantes un cuestionario de satisfacción despois de que o grupo rematase a formación, cuxos datos se recollen neste mesmo informe.

Ademais, levouse a cabo unha recollida sistemática de cada unha das intervencións, na que se reflicten os aspectos máis relevantes (adaptación do programa ao grupo, motivación, nivel de implicación e participación do alumnado, incidencias...) que se detalla a continuación no apartado de Avaliación de Proceso.

### a. Avaliación de Proceso

#### 1ª Sesión

Comezamos esta primeira sesión con unha pequena explicación dos contidos do obradoiro, incidindo na necesidade da práctica para a adquisición das habilidades.

A continuación, levouse a cabo unha pequena presentación do alumnado, para pasar a establecer as normas de aula. En todas as aulas quedaron estipuladas as seguintes:

- Levantar a man para pedir a quenda
- escoitar aos demais
- Respectar aos demais
- Falar en 1º persoa.

Xa na segunda parte da sesión, explicáronse os distintos tipos de comportamento, contando coa participación do alumnado, e identificando as características de cada un deles.

#### 2ºA

Neste grupo lévase a cabo o obradoiro a primeira hora da mañá. O alumnado está tranquilo e móstrase participativo dende o primeiro momento.

A esta primeira sesión asiste todo o alumnado. Está presente en calidade de observadora, Iria, profesora de Tecnoloxía á que lle tocaba impartir esa hora lectiva.

O Alumnado presta atención e mostran interese nos contidos do obradoiro.

Ao dar as instrucións da presentación e comentar que debían destacar unha calidade positiva da súa personalidade, varias das persoas do grupo bufaron, pero todo o alumnado se presentou sen dificultade e so a dúas ou tres persoas lles custou un pouco máis identificar as calidades que poderían destacar.

Identifican moi ben as normas de aula, sobre todo levantar a man e escoitar.

Identifican de forma rápida os 3 formas de comportarse, pero lévalles algo máis de tempo definir as características de cada un, xa que despois de poñer as normas, o alumnado quedou parado e pouco participativo.

#### 2ºB

Esta sesión comezou con 20 min de retraso. O alumnado está no pabellón, xa que era a hora de Educación Física e o profesorado non lembrou que se cambiaba pola sesión do obradoiro.

Estivo presente todo o alumnado e sen profesorado do centro.

A este grupo cústalle estar en silencio e escoitarse mutuamente. Dende o primeiro momento pídeselles atención e silencio e custa certo tempo que o consigan.

Xa durante a presentación, o grupo móstrase moi falador e inquieto. Hai varios rapaces que se dedican a facer bromas constantemente e intentar chamar a atención, polo que se cortan ese tipo de comentarios e se lles pide seriedade.

Prestan atención á explicación dos contidos do obradoiro, pero durante a presentación, é preciso parar en varias ocasións para facilitar a escoita. Lanza a pelota con demasiada forza nun par de ocasións, e hai un par de rapaces que falan constantemente entre eles, fan comentarios fóra de lugar e interrompen a dinámica da sesión, ademais de arrastrar a outras persoas do grupo.

Parecen non ter demasiadas dificultades en identificar algún aspecto positivo da súa personalidade, se ben tamén é certo que os aspectos mencionados son bastante superficiais (amabilidade, simpatía...).

Unha vez rematada a presentación, pasouse a consensuar as normas. Establecéronas sen dificultade e xa comezando a cumprilas. Os toques de atención previos, durante a presentación, foron marcando dende o inicio os límites do obradoiro.

Non deu tempo a máis que a explicar de forma breve o concepto de asertividade e a pedirles que intentasen falar en 1º persoa no tempo entre sesión. Retomáronse os contidos pendentes dos 3 tipos de comportamento na seguinte sesión.

2ºC

A esta sesión asiste todo o alumnado. Está presente como observadora, Almudena, a profesora á que lle tocaba impartir clase nesa hora.

Ao principio o grupo mostrouse moi falador e levou un pouquiño de tempo que gardasen silencio para comezar, pero unha vez atraída a súa atención, prestaron atención sen dificultade.

Houbo bastantes persoas ás que lles custou identificar aspectos positivos da súa personalidade, pero pouco a pouco foron mencionando algunha en todos os casos.

Con relación aos tipos de comportamento, identificaron e definiron moi ben os 3, e mostraron moito interese na explicación e implicación do uso de cada un deles.

2ª Sesión

Esta segunda sesión iníciase con un pequeno recordatorio do traballado na clase anterior referido aos tipos de comunicación e as súas características principais, así como se lles pregunta ao alumnado pola posta en práctica dos comportamentos asertivos no tempo entre sesións.

Para reforzar os contidos, proxéctase un pequeno vídeo onde aparecen os dous principais estilos comunicativos, buscando que o alumnado os identifique.

A continuación, explícase a habilidade de Saber dicir Non para evitar un comportamento pasivo, expoñendo as pistas a seguir para facelo de forma asertiva. Ademais, traballáronse tamén algunhas outras técnicas para poñer en marcha en situacións concretas (cando alguén lles insiste moito, cando queremos coidar especialmente os sentimentos da outra persoa ou cando lles intentan chantaxear emocionalmente).

2ºA

A esta sesión faltaron 2 persoas e unha rapaza saíu no medio da sesión que a viñeron buscar. Non hai ningunha persoa responsable do centro presente. A profesora de EF viu pedir desculpas por ter outra charla ao mesmo tempo e comunicou a súa dispoñibilidade en caso necesario.

Lembran moi ben os tipos de comunicación, así como os sentimentos asociados a cada un deles. Prestan moita atención ao vídeo e fan reflexións moi oportunas do mesmo. Comentar que nun primeiro momento, identifican o comportamento asertivo como pasivo, porque o rapaz (do vídeo) non fala, pero aínda así, é quen de defender os seus dereitos.

Facéndooos pensar na opción do comportamento pasivo, danse conta con facilidade da confusión.

Xa na segunda parte da sesión, no traballo de saber Dicir Non, participan moi axeitadamente, respectando as normas en todo momento e mostrando interese. Saen a representar 2 parellas de rapaces distintas situacións xerais e unha en cada unha das técnicas traballadas e aprendidas a maiores. Antes de marchar, pídeselles que practiquen durante a semana.

## 2ºB

A esta sesión faltaron 7 rapaces/zas. Non hai ningunha persoa responsable do centro como observadora.

Comezamos esta segunda sesión tratando de lembrar o acontecido e traballado durante a clase anterior. Lembra moi ben a dinámica de presentación (que foi ao que máis tempo se lle dedicou).

Antes de comezar cos contidos, repasáronse as normas de aula e velouse, durante toda a sesión para que se cumprisen o máximo posible. Cústalles traballo levantar a man pero participan bastante ben. Falan moito entre elxs, en distintos grupiños, aínda que se nota que están comentando a aplicación dos contidos á súa vida cotiá. Participan con ideas moi axeitadas e oportunas en todo momento, a pesares do ruído de fondo.

Explicáronse as tres formas de comunicación coa participación do alumnado, aínda que de forma breve para aproveitar o tempo da sesión e intentar traballar os contidos correspondentes a esta segunda.

Así, xa nos últimos minutos, explicáronse as pautas para Dicir Non de forma asertiva e incluso saíron un par de rapaces a facer unha representación, aínda que non deu tempo a rematala, xa que tocou o timbre para o recreo.

Como se tivo que retomar a explicación dos tipos de comportamento, non deu tempo a practicar a técnica do Disco Raiado, polo que se retomará na seguinte sesión.

## 2ºC

A esta sesión faltaron 2 persoas. Non está presente ningunha persoa responsable do centro. Lembran moi ben os contidos da sesión anterior, mencionando de forma correcta as características de cada tipo de comportamento.

Identifican moi ben as pautas para ser quen de Dicir Non e participan de forma activa na posta en práctica das estratexias explicadas. Saíron a practicar as pautas xerais 3 parellas, e 3 máis as estratexias a maiores para as situacións complicadas.

## 3º Sesión

Esta terceira sesión estivo dedicada ao reforzo da competencias de Dicir Non de forma asertiva, así como do traballo coa empatía e a necesidade de respectar aos demais.

Así, dedícase a primeira parte da sesión a lembrar as pautas e continuar coa técnicas de Dicir Non, para pasar a poñer en marcha un xogo no que participou todo o grupo.

No mesmo, catro persoas debían negarse, e o resto da aula sumir o non sen ningún tipo de explicación. A reflexión que se deriva do mesmo é a necesidade de explicar as motivos polos que nos negamos a facer algo e facer así que as demais persoas nos comprendan, fomentar o respecto polo non dos demais e sobre todo empatizar con aquelas persoas que están soas ou son rexeitadas polo grupo. Trátase de fomentar a comprensión e empatía entre compañeirxs.

Despois da reflexión da dinámica, e para reforzar a idea da axuda, proxectouse un pequeno vídeo para finalizar a sesión.

## 2ºA

A esta sesión asiste todo o alumnado. Está presente, en calidade de observadora, a titora do grupo.

Repásanse os contidos coa axuda do alumnado e lémbrense de todos os contidos traballados para saber Dicir Non de forma asertiva. So unha das rapazas comenta que practicou a Dicir Non, pero que o fixo coa súa nai, e por suposto non lle saíu ben porque intentou utilizalo para non facer algo que a súa nai lle pediu. Recalcóuselles que é importante facer o que se debe por responsabilidade e que a técnica a deben practicar cos iguais.

Todo o grupo participou de forma moi activa na dinámica da empatía e comprenderon moi ben o seu obxectivo. Reflexionaron moi axeitadamente sobre o vídeo e incluso se proxectou outro máis, que mostraba como axudar sen enfrontarse coas persoas acosadoras

Gustoulles moito o vídeo, e pola reflexión aportada, parece que captaron moi ben a mensaxe.

## 2ºB

A esta sesión asistiu todo o alumnado. Estivo presente como observadora Iria, a profesora de Tecnoloxía.

Comezamos co repaso das técnicas de Dicir Non. Lembran moi ben os pasos para facelo de forma asertiva, aínda que comentan que non se acordaron de poñela en marcha durante a semana.

Esta sesión levouse a cabo na aula de informática, o que dificultou un pouco a posta en práctica da dinámica de grupo, xa que resultaba preciso que o alumando se movese pola aula. Aínda así, participaron de forma activa, aínda que houbo un par de rapaces/zas que non quixeron participar.

Neste grupo é preciso destacar que un dos rapaces "taxistas" non levou a un dos nenos do grupo a pesar de que lle tocaba a el levalo. Traballouse esta circunstancia na aula e pedíuselle que lle pedira desculpas, o que fixo sen moitas gañas.

## 2ºC

A esta sesión asistiu todo o alumnado, pero non estivo presente ningunha persoa responsable do centro.

Nesta ocasión tívose que facer un cambio de aula, porque a que correspondía estaba ocupada, polo que se perderon cerca de 10 minutos buscando unha aula nova e collendo as cadeiras suficientes para todo o alumando.

A pesares de contar con menos tempo, o grupo repasou moi ben as pautas para dicir non, e participou de forma moi activa no xogo da empatía.

Viron o vídeo un pouco rápido, pero captaron moi ben a mensaxe.

## 4º Sesión

Esta cuarta sesión estivo dedicada a aprender a Dar e Recibir Queixas ou críticas construtivas de forma asertiva.

Antes de comezar coa explicación da nova habilidade, levouse a cabo, como xa é habitual, un pequeno recordatorio do traballado e aprendido durante a sesión anterior (Empatía e axuda).

Unha vez rematado o repaso, explicáronse as pautas, tanto para dar como para recibir as críticas, para pasar a continuación a poñer en marcha a habilidade con queixas reais entre o alumnado.

Antes de marchar pedíuselles, como á costume, que practicasen na casa durante a semana.

## 2ºA

A esta sesión faltou unha persoa. Está presente, en calidade de observadora, a profesora de francés e un profesor máis.

Durante o repaso, lembraron moi ben a dinámica posta en marcha e como conclusión comentaron que se sentiron "mal", enfado, frustración, etc. Estas reflexións serviron para afianzar a idea da importancia da empatía, e de non deixar que ninguén sufra esa mesma situación pero na vida real. Prestaron moita atención á explicación das pautas e mesmo participaron de forma moi oportuna.

Con relación á posta en práctica da habilidade na aula, ao principio custoulles moito. Tivo que comezar a profesora con unha queixa xeral a todo o alumnado. Despois, pouco a pouco fóronse animando, aínda que as queixas foron todas referidas a persoas que, ou ben non estaban presentes, á profesorado ou a alguén presente pero do que non se quixo mencionar o seu nome. En total, déronse 6 queixas reais, polo que se considera que houbo moi boa participación, aínda que non foron directas e se realizaron con moita cautela.

## 2ºB

A esta sesión asiste todo o alumnado. Está presente como observadora, a titora do grupo.

Lembran moi ben a dinámica da empatía da sesión anterior, e destacan (ao igual que o grupo anterior) os sentimentos desagradables que experimentaron durante a mesma. Novamente, faise fincapé na importancia de poñerse no lugar das outras persoas e procurar evitar que se sintan illadas ou desprezadas.

Cando se lles propuxo facer as críticas entre elxs de forma real, nun primeiro momento quedaron caladx. Ningunha persoa se atrevía a dicir nada. A primeira persoa en ofrecerse voluntaria foi a titora que rompeu o xeo facendo unha queixa para todo o grupo.

A partir de aí, fóronse animando e chegaron a facer ata 6 queixas entre distintas persoas sobre diferentes temáticas, que en todos os casos, se se cumpre o compromiso de cambio, fará que mellore moito as súas relacións persoais.

Respectaron moi ben as normas en todo momento. Prestaron moita atención e houbo momentos de absoluto silencio. Tomaron moi en serio a actividade. A implicación da titora seguro que tivo moito que ver.

## 2ºC

A esta sesión falta 1 persoa. Nesta ocasión non está presente ningunha persoa responsable do centro.

Lembraban moi ben a dinámica da empatía e as súas conclusións.

Explicáronse as pautas para dar e recibir as queixas, e o grupo prestou moita atención. Vese que se trata dun tema que lles interesa.

Unha vez comezaron coa práctica das queixas reais, aínda que resultou preciso insistir, pouco a pouco foron animándose. Finalmente fixéronse 5 queixas entre elxs e en todos os casos relativos a comportamentos que lles molestaban dos demais (facer ruídos, tirar do pelo, respostas demasiado agresivas e incluso insultos). A verdade é que resultou moi liberador para parte do alumnado. Se compren co compromiso de intentar cambiar, poderán mellorar moito a relación e cohesión grupal.

## 5º Sesión

Esta quinta sesión estivo dedicada á aprendizaxe de como Dar e Recibir Opinións Agradables de forma asertiva.

Comezamos, como xa é habitual, facendo un pequeno repaso dos contidos traballados durante a clase anterior e a posta en práctica das queixas. Preguntóuselles pola súa efectividade, para saber se estaban funcionando os compromisos adquiridos polas persoas que recibiron as críticas construtivas.

A continuación, explicouse a necesidade de recoñecer os aspectos positivos das outras persoas para que poidan construír unha imaxe persoal equilibrada, con cousas positivas e aspectos a

mellorar. Identificaron as pautas con facilidade e púxose en práctica recoñecendo aspectos positivos e reais entre todo o alumnado.

Antes de rematar, pedíuselles que intentasen practicar durante a semana.

## 2ºA

A esta sesión so falta unha rapaza. Está presente como observadora, a titora do grupo.

Lembran moi ben os pasos para facer as críticas construtivas, comentan que practicaron e que ademais se están cumprindo os compromisos adoitados.

Prestan moita atención á explicación da necesidade de dicir os aspectos positivos e identifican as pautas con facilidade.

Ao principio cústalles arrancar coa práctica, pero despois fano de forma sincera e fluída. Destacan aspectos interesantes e persoais, como poden ser: ser boa persoa, bo amigx ou ter bo sentido do humor. Unha vez que rematan a ronda de todo o alumando preguntan se poden dicirlle algo á titora, e dinlle que lles gusta moito como os trata. Chegaron incluso a darlle unha opinión positiva á formadora.

A maiores deu tempo a que varias persoas do grupo puideran expresar o que lles gustaba de varios compañeirxs, destacando un dos rapaces que o fixo varias veces e cada unha a unha persoa diferente.

Foi unha sesión moi agradable, onde o alumnado saíu moi contento e con moi bo ambiente.

## 2ºB

A esta sesión faltaron 5 dos rapaces/zas. Estivo presente, como observador o profesor de galego.

Lembraron moi ben as pautas para dar e recibir as críticas construtivas e comentaron que cumpriron co acordado, o que está facendo que mellore a relación dentro do grupo.

Prestaron moita atención á explicación e a identificación das pautas das opinións positivas e practicaron de forma moi natural e con motivación.

Neste grupo é preciso destacar que unha parella de un rapaz e unha rapaza que se deran varias queixas durante a clase anterior, a rapaza decidiu facerlle un cumprimento ao mesmo rapaz recoñecendo o seu esforzo por cambiar.

Todo o alumnado deu e recibiu unha opinión agradable, e o fixeron tan ben que mesmo deu tempo a que volvesen destacar todos os aspectos positivos dos seus compañeirxs que lles apeteceron (moitas veces).

Recoñecen que ao dar cumpridos senten nervios e vergoña, pero que ás outras persoas as pon felices e contentas.

Notouse moito que faltaban rapaces que reforzan ao líder negativo do grupo, xa que este quedou totalmente illado e cara ao final. Ninguén se ofrecera a darlle un cumprimento, ata o final.

## 2ºC

A esta sesión faltaron 2 persoas. Non estivo presente ningunha persoa responsable do centro como observadora.

Lembraron as queixas, pero custoulles un pouquiño identificar todas as pistas, sen embargo comentaron que seguiron a practicar durante a semana.

Tamén recoñeceron cambios e que se cumpriran os compromisos adquiridos, polo que se respira moito mellor ambiente na aula, sobre todo cara un dos rapaces que está facendo esforzos por non molestar (o que dúas das rapazas recoñeceron publicamente).

Prestaron atención á explicación e ás pautas. Neste caso custoulles un pouco máis comezar a dicir e destacar aspectos positivos e mesmo houbo a dous dos rapaces aos que lles custou especialmente, pero todo o alumnado participou da actividade.



A medida que ían facéndose cumpridos, estes eran máis persoais e menos superficiais: gústame que sexan moi bo amigx, que me axudes sen pedir nada a cambio, que me expliques o que non entendo...

Sesión moi agradable e positiva.

## 6º Sesión

Esta sesión é a última do obradoiro, e estivo dedicada ao traballo co conflito é a introdución da Mediación Escolar.

Comezamos repasando, como xa é habitual os contidos da clase anterior (dar e recibir opinións agradables) para pasar a explicar o que é a mediación e a animar a formar parte do Equipo de Mediadores/as Escolares no centro e a participar na formación que se iniciará no mes de marzo.

Relacionado coa mediación, está indiscutiblemente o conflito.

Comezamos con unha pequena explicación e definición do concepto, así como identificar e comprender os distintos estilos de afrontamento ao conflito que se utilizan máis habitualmente.

Ademais, levouse a cabo un xogo con imaxes, que serviu para comprender que as dúas partes no conflito teñen a súa versión, igualmente válida nos dous casos.

Finalizáronse os contidos coas pautas para ser quen de resolver os conflitos de forma pacífica e dialogada.

Para rematar a sesión e o obradoiro, pedíuselle ao alumnado que cubrise un cuestionario de avaliación do obradoiro, o cal fixeron con atención e interese.

## 2ºA

A esta sesión faltaron 2 rapaces/zas. Non estivo presente ningunha persoa responsable do centro.

Como é habitual, mostraron moita atención e interese nos contidos dende o primeiro momento.

Lembraron moi ben as pautas para dar e recibir opinións positivas, e mesmo comentaron que algo practicasen...

Participaron moi ben en todas as dinámicas e identificaron sen dificultade os distintos estilos de afrontamento ao conflito.

Mostraron moito interese en todo momento e participaron de forma moi activa e respectuosa, respectando as normas en todo momento.

Parece que lles gustaron moito as dinámicas.

## 2ºB

A esta sesión faltaron 7 dos rapaces/zas. Está presente durante toda a sesión, a profesora de inglés, á que lle tocaba esa hora lectiva.

Lembraron moi ben as pautas para dar opinións positivas, pero comentaron que non o practicaron, polo que se lles animou a que o fixeran para poder interiorizar a habilidade.

Comprenderon moi ben todos os contidos e participaron de forma moi activa en todas as actividades.

Implicáronse especialmente e mostraron moito interese nos estilos de afrontamento ao conflito, facendo preguntas e reflexións moi interesantes sobre a súa utilidade. Tamén propuxeron algún que outro caso. "Ese a outra persoa non quere falar?", "e se non te quere escoitar?", ao que se lles contestou que deben deixar que se lles pase o enfado e ter paciencia.

Entenderon moi ben que todas as estratexias son útiles en determinadas circunstancias, pero que se debe intentar resolver os problemas a través da colaboración para que saian gañando as dúas persoas do conflito.

Mostraron moita atención e interese dende o primeiro momento.

2°C

A esta sesión faltaron 3 dos rapaces. Nesta ocasión non está presente ningunha persoa responsable do centro.

Ao principio, o alumnado mostrouse moi parado, incluso un pouco durmido. Temos que ter en conta que esta sesión impartíuse a primeira hora da mañá.

Lembran moi ben as opinións positivas e as pautas para dar e recibir de forma asertiva. Cando se lles pregunta se practicaron, din que non.

Para comezar a traballar sobre o conflito, levouse a cabo unha dinámica por parellas que o exemplifica, para pasar a definilo e explicar os estilos de afrontamento que utilizamos as persoas. Este foi o único grupo no que se fixo esta dinámica. Os outros dous, ao comezar sempre con algo de retraso, decidiuse non facela para que dese tempo a completar os contidos e cubrir os cuestionarios.

Prestaron moita atención e mostraron interese en todo o traballado. Identificaron moi ben os estilos de afrontamento ao conflito e gozaron coa dinámica de distintas perspectivas.

## b. Avaliación de Resultados


O cuestionario foi cumprimentado polo alumnado asistente á última sesión do obradoiro con un total de 75 persoas ( 25 de 2ºA, 22 de 2ºB e 28 de 2ºC) e por 2 profesoras asistentes ás sesións.

Os resultados do alumnado expoñeranse por grupo-aula e os do profesorado reflectirase a continuación da do alumnado.


As respostas ás 13 preguntas do alumnado son as seguintes:

2ºA (25 cuestionarios)


### 1) O obradoiro pareceume:




### 2) A formadora:




### 3) Os contidos foron axeitados:




4) A metodoloxía gustoume:




5) A relación cos compañeirxs foi:




6) A relación coa formadora foi:




7) O ambiente creado foi:



8) Aprendín:



9) Recomendarías este obradoiro a outras persoas?:



#### 10) Que cousas che gustaron máis?

- Todo.
- Gustoume todo.
- Foi sinxelo.
- O que nos explicaron.
- A forma de explicar ou ensinar da formadora.
- Gustoume moito a forma de ensinar que utilizaba.
- As explicacións, os exercicios, un pouco todo.
- Os xogos que fixemos e as formas que nos ensinan e aprendemos as cousas.
- Os xogos.
- Os xogos, pareceume unha forma moi divertida e entretida.
- Os xogos e perder música.
- Os xogos e os vídeos (2 respostas).
- Os xogos e as maneiras de explicar da formadora. Tamén os contidos e os vídeos, é dicir, todo.
- Os xogos, o dinamismo que había e que ensinaran a resolver problemas da vida cotiá.
- As explicacións de como ser unha persoa máis asertiva e os xogos.
- Os xogos e as explicacións de Dicir Non.
- Dicir non, os xogos, aprender a como falar.
- Os xogos como os dos taxis.
- Aprender a dar as queixas e o xogo do taxi.
- A clase sobre saber dicir a nosa opinión e se non queremos facer algo.
- A clase de dicir cousas positivas aos demais.
- O xogo das figuras e dicir cousas boas da xente.
- Aceptar opinións positivas e os conflitos.
- Que ensinara como se poden resolver os problemas e que aprendemos a escoitar aos demais.

#### 11) Que cousas non che gustaron tanto?


- Nada (2 respostas).
- Gustoume todo (5 respostas).
- A verdade é que gustoume todo.
- En xeral gustoume moito, e non teño ningunha queixa (2 resposta).
- Algunhas veces pareceume aburrido.
- Que as clases foron un pouco aburridas.
- Que algunhas clases a formadora falara moito e faciamos menos cousas, pero so iso.
- Que falara moito.
- Cando explica moito.
- Un pouco as charlas.
- As primeiras "clases" foron un pouco aburridas, polo demais todo ben.
- Que o que se dá son cousas moi concretas que rara vez vou usar.
- O xogo dos taxis.

- O comportamento asertivo.
- Cando tivemos que dicir cousas que nos molestaban dos demais.
- A clase dos conflitos.
- Faltar cando houbo un xogo.
- Non sei (2 respostas).

12) Que foi o que máis che serviu?

- Todo.
- Todo servíume por igual.
- Todo. Podo usalo todo nesta etapa da vida, foi perfecto.
- Os xogos.
- O dos comportamentos, servíume moito.
- Aprender a comportarme mellor.
- O de comportarnos dunha determinada maneira, aínda que non usei nada.
- Que a profesora intenta que sexamos asertivos.
- O de ser asertivo.
- O dos sentimentos.
- Saber Dicir que Non.
- Aprender a dicir non cando non quero tal cousa.
- Como Dicir Non sen ferir aos demais e como resolver conflitos.
- O de Dicir que Non e como Solucionar Problemas, aínda que non o probei, pero creo que vaime servir moito.
- Saber dar queixas e saber dicir que non.
- A clase das queixas (2 respostas).
- Como dicirlle á xente o que che molesta deles.
- Como dar queixas e os diferentes puntos de opinión.
- Como queixarme e como comportarme si me enfadaba.
- Os comentarios negativos.
- Aprender a queixarme e dicir as cousas boas dos demais.
- Eu creo que o das Queixas, pero en realidade, todo.
- Saber solucionar conflitos e saber falar en primeira persoa.
- Nada.

13) Cambiou en algo o teu comportamento?.




En que?

- Cambiei moitos comportamentos.
- Agora fago mellor as cousas.
- Na forma de ser cos demais e no meu comportamento cos meus amigos na hora dos enfados e esas cousas.
- Fíxome máis en como se senten os demais.
- En ser máis empático, pensar nos demais e non deixar que os demais elixan por min.
- Comportándome asertivamente.
- En ser asertivo.
- Saber dicir que non e no meu comportamento (asertivo).
- Aprender a dicir non.
- Aprendín a Dicir Non e algunha cousa positiva miña.
- Agora intento dicir as cousas que me molestan.
- Agora xa empezo a dicir a miña opinión ante todo, pero con respecto.
- Agora sei queixarme sen ofender aos demais.
- En que así podo facer as cousas mellor, e se discuto con alguén facelo sen ferir os seus sentimentos.
- Cando non estou de acordo en algo, intento responder tranquila e escoitar.
- Controlo máis os meus enfados.
- Intento xestionar máis as miñas emocións de mellor maneira e actuar ben en discusións e conflitos.
- Que a mellor forma de cortar unha relación non é ignorar, é dicirllo respectándoo.
- Aínda non notei moito o cambio.




2ºB (22 cuestionarios)


1) O obradoiro pareceume:




2) A formadora:




3) Os contidos foron axeitados:




4) A metodoloxía gustoume:




5) A relación cos compañeirxs foi:




6) A relación coa formadora foi:




7) O ambiente creado foi:



8) Aprendín:



9) Recomendarías este obradoiro a outras persoas?:



10) Que cousas che gustaron máis?

- Todas (2 respostas).
- Todo en xeral.
- Entender e comprender o ensinado.
- Que se aprenderon moitas cousas que serven para moitas situacións.
- Poder facer actividades cos compañeiros.
- As actividades e xogos que fixemos.
- Os xogos.
- Que podíamos dicir os nosos sentimentos de forma axeitada.
- A forma na que explica a formadora.
- A formadora, dicir as cousas boas e os vídeos.
- Saber dicir que non.
- O xogo dos taxis (4 respostas).
- Que puidemos dicirlle á xente o que nos molesta.
- Dar e recibir cousas boas (cumpridos)
- A 4º e 5º sesión.
- A clase de resolución de conflitos.
- Prefiro mil veces facer isto que outras clases.
- Ningunha.


11) Que cousas non che gustaron tanto?

- Nada (3 respostas).
- Ningunha (3 respostas).
- Gustoume todo.
- Dicir unha cousa positiva ao presentarse.
- A clase do xogo do taxi, porque sentíanse emocións desagradables.
- A 3º sesión.
- O xogo de dicir cousas malas.
- escoitar cousas negativas.
- As de dicir as cousas malas e que non perdemos música.
- O de dicir o que me gusta da outra persoa.
- A parte de resolución de problemas.
- Non traballar en grupo.
- Non houbo moita participación pola clase.
- O vídeo das ovellas.
- Este cuestionario.
- Que non aprendín nada, eu xa o sabía de antes.
- Moitas cousas.
- Non sei.

12) Que foi o que máis che serviu?

- As prácticas.
- A teoría sobre os tipos de comportamentos.
- Saber falar asertivamente.
- O de saber Dicir Non (4 respostas).
- A forma de dar queixas e recibilas.
- Aprender a dicir o que me molesta sen ser agresiva.
- O de aprender a dicir as cousas que non che gustan de boa maneira.
- A 5º sesión.
- Aceptar cumpridos.
- Aprender a asimilar cumpridos.
- O de resolver conflitos e poñerse no lugar do outro.
- A solución de conflitos (4 respostas).
- A competición.
- As ovellas.
- Nada (2 respostas).

13) Cambiou en algo o teu comportamento?.




### En que?


- Ser mellor persoa.
- Nas relacións.
- Ter mellores relacións.
- Na forma de afrontar as situacións.
- Na forma de falar cara as persoas.
- Agora son máis asertivo.
- Que hai que pensar tanto en min como en ti.
- En dicir máis a miúdo o que che gusta e o que non che gusta tanto.
- Na forma de agradecer e recibir cumpridos e defectos.
- Na forma de ver os conflitos.
- Creo que agora sei que facer cando hai un conflito.
- En poñerse un pouco máis no lugar das persoas coas que tiven problemas.

2°C (28 cuestionarios)


1) O obradoiro pareceume:




2) A formadora:




3) Os contidos foron axeitados:




4) A metodoloxía gustoume:




5) A relación cos compañeirxs foi:




6) A relación coa formadora foi:




7) O ambiente creado foi:



8) Aprendín:



9) Recomendarías este obradoiro a outras persoas?:





10) Que cousas che gustaron máis?

- En xeral todo, porque sempre podíamos participar.
- Gustoume todo por igual.
- O bo ambiente da clase.
- Os ambientes que creaban e os xogos que faciamos.
- Gustoume moito todo en xeral, pero o que máis foi cando tivemos que dicir cousas boas sobre os demais.
- Que foi entretido.
- Gustáronme moito os xogos.
- Os xogos.
- Os xogos, parecéronme bos.
- Os xogos. Gustoume aprender desa maneira e fíxose máis ameno.
- Os xogos que fixemos para axudar a entender o que a formadora nos estaba dicindo.
- As formas de aprender e as actividades para poñelas en práctica.
- As dinámicas prácticas. Gustábame máis interactuar na clase que estar vendo a teoría.
- Cando xogamos ao xogo do taxi e cando nos explicou que era a asertividade.
- Os xogos que fixemos, por exemplo o dos taxis.
- Os xogos, como o do taxi.
- A actividade do taxi (2 respostas).
- O dos taxis, que so podían recoller a un tipo de persoas.
- A actividade dos taxis e as explicacións.
- Os xogos do taxi e as representacións.
- O xogo dos taxis, a curtametraxe e o de dicir comentarios positivos.
- As críticas.
- Aprender a dar cumpridos e a dar queixas.
- Aprender a resolver conflitos.
- A curta de "Pedra, papel e tesoura".
- Que non había que escribir.
- Non me encantou o tema, pero foi o único que me gustou.

11) Que cousas non che gustaron tanto?

- Nada (2 respostas).
- Gustoume todo, non sabería dicir algo que non me gustara (2 respostas).
- Gustoume todo.
- Que dura pouco.
- Que algunha clase foi un pouco aburrida, como as do principio.
- Que estiveramos todos os principios de clase repetindo as normas.
- Que no comezo era un pouco aburrido.


- As explicacións.
- As sesións ou momentos de teoría, pareceume un pouco aburrido nesas partes.
- Que en algunhas clases non había xogos.
- Os días que solo falamos e que non fixemos xogos.
- Ter que interactuar coa xente.
- Os poucos xogos que había.
- Os taxis (3 respostas).
- Que xeneralice tanto os sentimentos. Por exemplo, cando dicía que todos nos comportabamos exactamente igual e que os comportamentos eran os mesmos.
- O de dicir comentarios negativos.
- A actividade para dicir algo positivo de alguén.
- Que perdemos algunhas clases.
- Que en algunhas clases perdemos Educación Física, o demais bastante ben.
- Que ás veces perdíamos un pouco de tempo na clase.
- Ao ser un grupo tan grande é complicado que todos participen.
- Facer este cuestionario.
- Como nos falaba a formadora.
- O método co que nos ensinaba.

12) Que foi o que máis che serviu?

- Todo
- Todo en xeral.
- Non moito porque isto xa o vira, pero creo que as técnicas para ser asertivo.
- O do comportamento asertivo (2 respostas).
- Os tipos de comportamento, axudoume a ser máis asertivo.
- Aprender a controlarme e ser asertivo.
- Aprender a Dicir Non (4 respostas).
- Como dicir que non, saber os tipos de personalidades e como dicirle a alguén algo que nos molesta.
- Como facer unha crítica a alguén.
- As indicacións para queixarnos.
- Aprender a dar queixas e a prender a recibilas.
- O de aceptar e rexeitar sen magoar.
- Aprender a dicir e aceptar as cousas boas e malas.
- O de aprender a dicir cousas malas e boas da xente.
- Aprender a dicir as cousas boas das persoas.
- Como recibir algo bo.
- O de dar e recibir críticas, e o dos conflitos.
- O de dar respostas.
- En xeral, nada. Está ben que nos recorden como nos temos que comportar, pero non había nada que non soubera.
- Non ter clases grazas á charla.

- Xa me deran charlas, e entón xa non me serviu.
- Nada.
- Nada, porque sigo igual.
- Non sei.

### 13) Cambiou en algo o teu comportamento?.



En que?

- A forma de pensar.
- En ser máis asertiva coa xente e en xeral.
- Agora intento ser máis asertiva.
- Agora vou ser máis asertivo.
- Na forma de dirixirme aos meus compañeiros.
- Deixei de comportarme de forma pasiva.
- Ser máis amigable.
- Nas relacións para coñecer persoas novas.
- En aprender a dicir non, porque antes custábame.
- Agora sei como reaccionar cando me din algo malo ou bo.
- Á hora de dar e recibir cumpridos.
- Axudome a pensar doutra forma os meus sentimentos.

## CUESTIONARIO PROFESORADO I

1) Que nota lle darías ao obradoiro?

SOBRESAÍNTE: As explicacións son claras e a metodoloxía moi dinámica.

2) E á formadora?

SOBRESAÍNTE: mantén ao alumnado interesado e participando nas sesións. Explica de xeito sinxelo e claro.

3) Cualifica a participación do alumnado no obradoiro.

SOBRESAÍNTE: A maioría do alumnado amosa moito interese nos temas desenvolvidos e participa de xeito activo nas sesións; ademais, lémbrense do explicado en sesións posteriores.

4) O material/actividades, xogos... empregados pareceronche interesantes?

MOITO: Mantiveron ao alumnado activo e con interese. Fíxolle reflexionar sobre os distintos aspectos tratados.

5) Que foi o que máis che gustou do obradoiro? Por que?

- As explicacións eran claras e sinxelas. Facíase un repaso do anterior ao comezo de cada sesión. As explicacións acompañáronse de pautas máis prácticas.

6) Que foi o que menos e por que?

- Sen resposta.

7) O que máis lle pode servir ao alumnado do que traballamos foi...

- As distintas metodoloxías que son claras e facilmente aplicables na súa vida cotiá. .

8) O que menos interesante che pareceu foi...

- As 3 sesións ás que acudín pareceronme interesantes.

9) O obradoiro cumpriu coas expectativas? Por que?

- Sen resposta.

10) Suxestións para mellorar o obradoiro

- Sen resposta.

## CUESTIONARIO PROFESORADO II

1) Que nota lle darías ao obradoiro?

SOBRESAÍNTE: A claridade das explicacións e o feito de facer participar ao alumnado.

2) E á formadora?

SOBRESAÍNTE: Igual.

3) Cualifica a participación do alumnado no obradoiro.

NOTABLE: Nalgún grupo, o alumnado non estaba demasiado motivado.

4) O material/actividades, xogos... empregados pareceronche interesantes?

BASTANTE: Non podo valorar moito, xa que repetín a mesma sesión. A actividade foi bastante boa.

5) Que foi o que máis che gustou do obradoiro? Por que?

- A posibilidade de aplicación na vida.

6) Que foi o que menos e por que?

- Que o alumnado non se animase máis a participar e a preguntar.

7) O que máis lle pode servir ao alumnado do que traballamos foi...

- So asistín a unha actividade. Pareceume moi útil.

8) O que menos interesante che pareceu foi...

- Sen resposta.

9) O obradoiro cumpriu coas expectativas? Por que?

SI: O alumnado pode comezar a poñer en práctica o aprendido.

10) Suxestións para mellorar o obradoiro

- Se fose posible, realizar as sesións sempre coa titora para ver os resultados reais.

## CONCLUSIÓNS

### 2ºA

- Grupo moi tranquilo, aínda que pouco participativo durante as primeiras sesións.

- Moi bo comportamento. Respectan as normas de aula con facilidade dende o inicio do obradoiro.

- A medida que vai transcorrendo as sesións, vanse soltando, participando e mostrándose máis como grupo.

- Grupo moi tranquilo e implicado. Hai persoas que mostran moito interese dende o primeiro momento do obradoiro e participan de forma moi activa.

### 2ºB

- Nas primeiras sesións o grupo mostrou moita presión de grupo. Había persoas moi implicadas e interesadas, sen embargo, non mostraban directamente esta actitude por medo a ser penalizados dentro do grupo. Valorábase e reforzábase a distorsión e as risas por parte de certo alumnado, o que dificultaba que o grupo se implicase seriamente nas actividades.

- A medida que ían transcorrendo as sesións foron cambiando de actitude. Falaban e comentaban todo o que se traballaba entre elxs, sen embargo, facían intervencións moi oportunas, o que demostrou que prestaban atención e mostraban interese.

- Este grupo tivo un cambio moi importante, e se lles recoñeceu e felicitou polo mesmo. Durante as primeiras sesións había moita disrupción e interrupcións con chistes e bromas que non permitían a concentración e aprendizaxe. Ao longo do obradoiro, a actitude do grupo cambiou completamente, mostrando interese, participando e respectando as normas en todo momento.

- Produciuse un cambio de liderado moi claro e con el cambiou a dinámica grupal.

### 2ºC

- Grupo moi participativo e ao principio falador, pero despois de consensuar as normas, moi respectuoso coas mesmas e motivado na aprendizaxe dos contidos.

- Grupo movido pero que respecta as normas moi ben, a pesares de non estar ningunha persoa do centro presente en ningunha das sesións, o que é de valorar.

- Mostraron implicación e moito interese nos contidos do obradoiro dende o inicio do mesmo.

- Moi bo comportamento e moi respectuosos en todo momento.

Non queremos rematar esta avaliación sen agradecer a María a súa implicación no obradoiro, así como ao Equipo Directivo do centro o seu apoio e a todo o profesorado presente nas sesións toda a súa colaboración dende o primeiro momento. Sen o voso apoio e traballo posterior os resultados non serían os mesmos.

## **CONTRATO PROGRAMA IGUALATE-T**

Obradoiro sobre a expresión de xénero: "**Masculinidades Diversas**" impartido por Talentea para alumnado de 3º e 4º de ESO.

### **ÍNDICE**

#### **INTRODUCCIÓN**

#### **O PROGRAMA**

**a. Obxectivos**

**b. Accións postas en marcha e metodoloxía**

**c. Temporalización**

#### **AVALIACIÓN**

## INTRODUCCIÓN

O paradigma patriarcal ten construída unha mirada sobre a expresión de xénero limitante e sesgada que facilita que certas formas de ser home ou muller quedasen encorsetadas e oprimidas a favor doutras formas que se erixen como hexemónicas. Na adolescencia, etapa de procura da personalidade como xeito de pertencer ao mundo máis aló da familia e de diferenciarse como ser individual respecto aos iguais, estas expresións de xénero toman especial importancia xa que facilitan a construción da persoa.

Como sociedade levamos moito tempo, e o que queda, avanzando para romper os esterotipos patriarcais de xénero, traballando na educación na igualdade e fomentando unha visión feminista, igualitaria e respetuosa na diversidade,. Por iso cremos que abrir o abanico de posibilidades da expresión de xénero nos homes permitirá profundar na perspectiva feminista neles e así camiñar cara á tolerancia, a aceptación e a igualdade entre mulleres e homes.

Na adolescencia, período onde construimos a nosa identidade, a socialización ponse no centro como elemento que nos constitúe como persoas. Esta socialización dáse na familia, co grupo de iguais e coas persoas adultas de referencia. Na adolescencia, as persoas, a través das súas interaccións, atopan puntos en común e distintos que, como se dixo anteriormente, facilítanlles pertencer e sentirse individuais e diferentes, dúas necesidades fundamentais na construción da persoa.

Polo anteriormente exposto, nas persoas adolescentes a regulación da súa expresión de xénero dase grazas aos modelos de xénero que se atopan na súa contorna máis á relación que teñen con eles. Do mesmo xeito, recoñecer as masculinidades diversas facilitará á mocidade a tolerancia, a comprensión e a elección daqueles modelos que lles son máis sans para o grupo e para a súa contorna.

Dacordo con o anteriormente exposto, nace o presente proxecto de intervención que pretende apoiar ao sistema educativo na tarefa de educar á mocidade nunha perspectiva de xénero que rompa co paradigma patriarcal e permita coñecer e recoñecer todas as formas da masculinidade.

## O PROGRAMA

### a. Obxectivos

- Proporcionar información sobre as masculinidades diversas e como se constrúe a identidade da persoa a través deste concepto.
- Facilitar a toma de conciencia sobre como os modelos de xénero da nosa contorna inflúen na vida e nas relacións .
- Promover no alumnado unha mirada crítica e positiva sobre a necesidade de observar que modelo de xénero queren ser
- Fomentar as relacións saudables entre iguais poñendo o foco no rol de xénero que se ocupa
- Analizar o papel o impacto das redes sociais na perpetuación de modelos patriarcais de xénero e como poder identificalo
- Potenciar valores e hábitos sociais saudables básicos para que se dé unha relación sá entre iguais, como son o respecto e a perspectiva de xénero

### b. Accións postas en marcha e metodoloxía.

A intervención levarase a cabo en formato obradoiro e terá una duración de 150 minutos para cada grupo, repartidos en tres sesión de 50 minutos cada una.

Aínda que sacaremos na palestra algúns contidos teóricos que resultan relevantes para poder abordar esta temática, as actividades que se plantexan serán moi participativas e se afastarán dunha mera exposición teórica.

Durante os obradoiros tocaranse os seguintes temas, separados por estes tres bloques.

info@talentearrh.com Telf.: 986 61 14 99 / 625 554 992 www.talentearrh.com

#### 1. MASCULINIDADE – FEMINIDADE

a. Análise e profundización da polaridade masculinidade-feminidade da que tódalas persoas formamos parte cara identificar onde nos atopamos dentro dela

b. Elección do modelo de xénero que queremos ser .

#### 2. AUTOESTIMA E XÉNERO

a. Detección de como os modelos de xénero hexemónicos nos condicionan na relación coa nosa propia persoa e coa sociedade: iguais, familia, centro educativo...

b. Visión das masculinidades diversas coma unha porta de entrada a querernos máis e mellor

#### 3. MASCULINIDADE NAS REDES

a. Identificación dos patróns de masculinidade hexemónicos nas redes para escoller se queremos ser participe de eles

b. Fomento das relacións saudables en redes ocupando un modelo de xénero respetuoso coa miña persoa e cas demais.



### c. Temporalización

	<b>3º ESO A Aula 38</b>	<b>3º ESO B A. 37</b>	<b>3º ESO C A. 36</b>	<b>4º ESO A A.13</b>	<b>4º ESO B A.12</b>	<b>4º ESO C A.10</b>
<b>DIA/SESIÓN</b>	Mércores 11.20 a 12.10	Xoves 10.30 a 11.20	Martes 11.20 a 12.10	Luns 10.30 a 11.20	Luns 13,20 a 14,10	Luns 11.20 a 12.10
<b>BLOQUES TEMÁTICOS</b>						
<i>Masculinidade Feminidade</i>	16/11/2022	17/11/2022	15/11/2022	07/11/2022	07/11/2022	07/11/2022
<i>Autoestima e xénero</i>	23/11/2022	24/11/2022	22/11/2022	14/11/2022	14/11/2022	14/11/2022
<i>Masculinidade nas redes</i>	30/11/2022	01/12/2022	29/11/2022	28/11/2022	28/11/2022	28/11/2022

### AVALIACIÓN

O obradoiro levouse a cabo con grande interese e grado de participación por parte do alumnado.

Un 82% do alumnado refire que lle pareceu moi pertinente falar dos temas que se trataron.

Un 73% que descubriu aspectos novos que lles axudan a comprender mellor como os modelos de xénero hexemónicos teñen condicionado a organización social.

Un 64 % está de acordo en fomentar as relacións saudables ocupando modelos de xénero respetuosos nas redes sociais.

Un 82 % recomendaría obradoiros deste tipo para os seus compañeiros/as

O  
DEPORTE  
INCLÚE  
SANTA  
IRENE

*Memoria Final de Curso  
2022-2023*



# XUSTIFICACIÓN

- Neste curso 2022/23 no IES SANTA IRENE de Vigo, dende o contrato programa da Xunta , INCLÚE-T desenvolvimos este proxecto na comunidade educativa do centro (profesorado , alumnado e titores ou país/nais) porque quedou máis que demostrado a importancia do deporte para tod@s despois dos momentos vividos no confinamento polo virus do Covid 19.
- Para tod@s significa para persoas de tódalas idades e condicións, e coas circunstancias especiais de discapacidade ou algún problema (situación que en educación vivimos cada curso (dislexias, tdhs, asperger...por exemplo)

## PARTICIPANTES

- O alumnado participante foi a totalidade do centro: tanto diurno (1º, 2º, 3º e 4º ESO e 1º e 2º de bacharelato), como para os estudantes de turno de tarde da escola de adultos (1º e 2º de bacharelato)
- O profesorado participante fomos principalmente 24 de distintas materias
- Os pais ou tutores participaron de forma indirecta dende o momento que os estudantes se dedicaron a promocionar o produto para que este proxecto tivera tamén una parte solidaria (axuda á organización Discamino)

## PROFESORADO (I)

- Arturo Fuentes e Mónica García de DEBUXO
- Marta Álvarez de ECONOMÍA
- Juan Carlos Ferro e Esther González de EDUCACIÓN FÍSICA
- M<sup>a</sup> Isabel Coto e Minia Sanjuás de FÍSICA e QUÍMICA
- Sara Fernández e Ana M<sup>a</sup> Lourido de FRANCÉS
- Araceli González, Irene Romero e Rosa M<sup>a</sup> Vázquez de GALEGO
- Inma Peniza de HISTORIA

## PROFESORADO (II)

- Isabel Carmoega e Ruth Rodríguez de INGLÉS
- Conchi Varela de LENGUA
- Beatriz Agulla, Federico Bertólez, Miguel Meniño e Isabel Sánchez de MATEMÁTICAS
- Fátima Bodega de MÚSICA
- Isabel Capelo de RELIXIÓN
- Iría Rodríguez e Nuria Veiga de TECNOLOXÍA

# ACTIVIDADES DO ALUMNADO

O alumnado participou en dous tipos de actividades:

1. Conferencias de profesionais do deporte e dos alumn@s do centro deportistas
2. Tarefa intertransversal de Educación Física e Debuxo: desenhando una bufanda con deportistas (tamén con alguna discapacidade) con tintes mitolóxicos (o curso implicado foi 4º da ESO)
3. Tarefa solidaria: coa venda deste produto parte da recadación se destinou á Discamino (organización de senderismo e ciclismo para persoas con discapacidade) asímesmo os alumnos de 1º bacharelato F visitaron as instalacións de Alento (onde se gardan as bicis de Discamino)
4. Tarefas en Educación Física: se fixeron sesións de deporte para persoas con discapacidade nas clases dos profesores Carlos Ferro e Esther González e as alumnas de 3ESO prepararon coreografía de baile para as xornadas do deporte en Nadal

# ACTIVIDADES

**PARANINFO**  
LEONIDES DE CARLOS ARDANAZ

**PROGRAMACIÓN**

**LUNS 19**

- 18:30 INAUGURACIÓN DAS XORNADAS
- 19:30 19:30 4º ESO - 1º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 2º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 3º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 4º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 5º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 6º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 7º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 8º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 9º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 10º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 11º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 12º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 13º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 14º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 15º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 16º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 17º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 18º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 19º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 20º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 21º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 22º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 23º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 24º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 25º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 26º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 27º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 28º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 29º PARANINFO
- 19:30 19:30 4º ESO - 30º PARANINFO

**MÉRCORES 21**

**XOVES 22**

**DECEMBRO 2022**

*Le mello le paradas actividades para las familias las paises de*

**JORNADAS O DEPORTE INCLÚE SANTA IRENE**  
19, 20, 21 e 22 de Decembro

**19:30 19:30 4º ESO - 1º PARANINFO**  
JAVIER PÉREZ (Club Ponte Sout Pastor)

**19:30 19:30 4º ESO - 2º PARANINFO**  
ANGEL CUREL (Sout Atlántico)

**19:30 19:30 4º ESO - 3º PARANINFO**  
JAVIER PÉREZ (Club Ponte Sout Pastor)

**19:30 19:30 4º ESO - 4º PARANINFO**  
ANGEL CUREL (Sout Atlántico)

**19:30 19:30 4º ESO - 5º PARANINFO**  
JAVIER PÉREZ (Club Ponte Sout Pastor)

**19:30 19:30 4º ESO - 6º PARANINFO**  
ANGEL CUREL (Sout Atlántico)

**19:30 19:30 4º ESO - 7º PARANINFO**  
JAVIER PÉREZ (Club Ponte Sout Pastor)

**19:30 19:30 4º ESO - 8º PARANINFO**  
ANGEL CUREL (Sout Atlántico)

**19:30 19:30 4º ESO - 9º PARANINFO**  
JAVIER PÉREZ (Club Ponte Sout Pastor)

**19:30 19:30 4º ESO - 10º PARANINFO**  
ANGEL CUREL (Sout Atlántico)

**19:30 19:30 4º ESO - 11º PARANINFO**  
JAVIER PÉREZ (Club Ponte Sout Pastor)

**19:30 19:30 4º ESO - 12º PARANINFO**  
ANGEL CUREL (Sout Atlántico)

**19:30 19:30 4º ESO - 13º PARANINFO**  
JAVIER PÉREZ (Club Ponte Sout Pastor)

**19:30 19:30 4º ESO - 14º PARANINFO**  
ANGEL CUREL (Sout Atlántico)

**19:30 19:30 4º ESO - 15º PARANINFO**  
JAVIER PÉREZ (Club Ponte Sout Pastor)

**19:30 19:30 4º ESO - 16º PARANINFO**  
ANGEL CUREL (Sout Atlántico)

**19:30 19:30 4º ESO - 17º PARANINFO**  
JAVIER PÉREZ (Club Ponte Sout Pastor)

**19:30 19:30 4º ESO - 18º PARANINFO**  
ANGEL CUREL (Sout Atlántico)

**19:30 19:30 4º ESO - 19º PARANINFO**  
JAVIER PÉREZ (Club Ponte Sout Pastor)

**19:30 19:30 4º ESO - 20º PARANINFO**  
ANGEL CUREL (Sout Atlántico)

**19:30 19:30 4º ESO - 21º PARANINFO**  
JAVIER PÉREZ (Club Ponte Sout Pastor)

**19:30 19:30 4º ESO - 22º PARANINFO**  
ANGEL CUREL (Sout Atlántico)

**19:30 19:30 4º ESO - 23º PARANINFO**  
JAVIER PÉREZ (Club Ponte Sout Pastor)

**19:30 19:30 4º ESO - 24º PARANINFO**  
ANGEL CUREL (Sout Atlántico)

**19:30 19:30 4º ESO - 25º PARANINFO**  
JAVIER PÉREZ (Club Ponte Sout Pastor)

**19:30 19:30 4º ESO - 26º PARANINFO**  
ANGEL CUREL (Sout Atlántico)

**19:30 19:30 4º ESO - 27º PARANINFO**  
JAVIER PÉREZ (Club Ponte Sout Pastor)

**19:30 19:30 4º ESO - 28º PARANINFO**  
ANGEL CUREL (Sout Atlántico)

**19:30 19:30 4º ESO - 29º PARANINFO**  
JAVIER PÉREZ (Club Ponte Sout Pastor)

**19:30 19:30 4º ESO - 30º PARANINFO**  
ANGEL CUREL (Sout Atlántico)





# ACTIVIDADES



**¡AYUDA A LOS CHICOS Y CHICAS DEL IES SANTA IRENE A RECAUDAR FONDOS!**

**POR QUÉ**

Los chicos y chicas de 4º de la ESO del IES Santa Irene se han marcado un objetivo para este año: **Conseguir fondos para poder pagar su viaje a la nieve en Marzo 2023**

**CÓMO**

¡A través de la venta de bufets para el cuello personalizados con sus dibujos!

Los dibujos están inspirados en seres mitológicos comparando la magia de estos con los valores de esfuerzo, constancia y perseverancia de los deportistas.

Todos ellos acompañados dentro del conocido programa de la Purita MULLER "El Oso que vive en Santa Irene"

**DONDE**

Entra en [mrbroc.com/fundraising](http://mrbroc.com/fundraising) y compra tus bufets online de forma rápida y sencilla.

También puedes contactar con el IES Santa Irene al **986 233 799** para poder tu bufet a tu medida.

**MrBroc** | **IES Santa Irene** | **XUNTA DE GALICIA**

# ACTIVIDADES DO PROFESORADO

O profesorado participou en varios tipos de actividades:

1. Conferencias de deportistas (organizando, coordinando e participando).
2. Tarefa intertransversal de Educación Física e Debuxo: Mónica García, profesora de debuxo, foi a encargada de axudar ao alumnado de 4º ESO cos seus debuxos de deportistas
3. Tarefa musical: Fátima Bodega preparou aos seus alumn@s para o concerto musical os días das conferencias de deporte.
4. Curso de Mindfulness: O profesorado participou nunha formación de 4 horas sobre esta nova corrente de relaxación
5. Memoria das xornadas de conferencias feita polo xefe do departamento de Educación Física, Juan Carlos Ferro
6. Elaboración dunha unidade didáctica no que o movemento sexa o protagonista nas clases das distintas materias dos profesores participantes neste contrato programa
7. Difusión e axuda ao alumnado co proxecto inclusivo

# ACTIVIDADES



# ACTIVIDADES



Mención especial  
merece a visita de  
Discamino ao noso  
centro pois a súa  
conferencia tivo un  
grande impacto  
para o noso  
alumnado (o  
respeto e silencio  
do paraninfo  
durante a súa  
conferencia foi  
especial)



# CONCLUSIÓN

vindicar nuestros derechos". Su actividad se centra, básicamente,

dicato UGT: reducciones de jornada que llegan incluso a la mitad, les

no los incluye dentro del convenio provincial de transportes, sino en

tendrá bastante éxito dentro de la plantilla. "Nos unimos todos pa-

nen, pero con la esperanza de que la prevención se extienda al centenar de empleados afectados.■

## El deporte inclusivo triunfa en el IES Santa Irene

S.F. VIGO  
sfernandez@atlantico.net

■ ■ ■ El IES Santa Irene organiza durante toda esta semana sus primeras jornadas de deporte inclusivo. Se trata de una iniciativa impulsada por Esther González, profesora de Educación Física, que ya había hecho algo parecido en el IES de Mos.

Desde el lunes y hasta mañana, se suceden conferencias de técnicos y deportistas en el paraninfo del centro para "visibilizar el deporte adaptado y dar a conocer los valores

que transmite", explica Carlos Ferro, otro de los docentes responsables del departamento de Educación Física. Pero el foco no sólo se pone en el deporte adaptado, sino en los beneficios que todo tipo de deportes pueden aportar a los alumnos.

Sin ir más lejos, ayer uno de los ponentes fue Alfredo Vázquez, vigués olímpico en Barcelona 92 en la disciplina de vela y exalumno del Santa Irene. También contaron con la visita de Julio Bernárdez, veterano técnico de baloncesto tanto en

silla como a pie, que estuvo acompañado por Judit Godfrey, alumna de 4ºESO en el centro y jugadora del Celta Zorka.

Ferro destacó el interés mostrado por los alumnos que acudieron al paraninfo, que dio pie a preguntas interesantes sobre el baloncesto en silla.

Mañana se cerrarán las jornadas por todo lo alto con la fundación Celta Integra y una charla sobre la nueva ley del deporte por la fiscal Emma González.■



Alfredo Vázquez (1º l.) y Julio Bernárdez (2º d.) fueron los ponentes de ayer.



## AGRADECEMENTOS

Moitas son as persoas que co seu traballo e axuda fixeron deste proxecto un éxito. Espero non esquecer a ninguén e nomear a tod@s:

1. Ao alumnado que puxo todo para que este curso 2022/23 o deporte inclúe Santa Irene fose moi especial en ilusión e traballo
2. Ao equipo directivo polo seu apoio e axuda
3. Aos conferenciantes das xornadas de Nadal e das sesión de Mindfulness
4. Á prensa local pola difusión feita das xornadas do deporte no noso centro
5. Ao profesorado, tanto o que participou directa como indirectamente

MOITAS GRAZAS A TOD@S

ESTHER GONZÁLEZ, Profesora de E.F. do IES SANTA IRENE